

## CONCELLO DE BARALLA

### ANUNCIO

#### **BASES QUE REXERÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE BARALLA PARA POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, mediante a contratación laboral temporal, acollida aos artigos 2, 3 e 4 do Real Decreto 2720/1988, de 18 de decembro, que regulan as modalidades de contrato para obra ou servizo determinado e eventual por circunstancias da produción, e ao artigo 15 do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrència dalgunha das seguintes causas:

- Situacións de incapacidade temporal
- Vacacións, licenzas e permisos
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar co Concello de Baralla
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

#### **SEGUNDO.- NORMATIVA APLICABLE**

O procedemento selectivo rexerá polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ao Real Decreto legislativo 1/2208, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función pública de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

### **TERCEIRO.- FUNCIONES**

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na vixente ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baralla, publicada no BOP número 125 de data 3 de xuño de 2014, e demais disposicións aplicables.

### **CUARTO.- PUBLICIDADE**

As Bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Baralla e na páxina web do Concello, e no BOP publicarase anuncio da convocatoria.

### **QUINTO.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Poderán participar na Bolsa de Emprego os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

**a) Xerais**

- Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no Estatuto Básico do Empregado Público. (Lei 7/2007, de 12 de abril).
- Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargo públicos por sentenza firme.
- Ser demandante de emprego.

**b) Específicos:**

- Estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379, 2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servicios socioculturais e á comunidade (artigo 12.2 da Orde de 22 de xaneiro de 2009).
- Carné de conducir clase B1 e dispoñibilidade de vehículo.

**SEXTO.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

Os/as interesados en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Baralla.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **oito días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Baralla ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, (LRXAP e PAC). As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libra circulación de traballadores.
- Fotocopia compulsada co carné de conducir.
- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúense no modelo de instancia).
- Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.
- Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

#### **SÉTIMO.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello [www.concellobaralla.es](http://www.concellobaralla.es).

Na publicación farase constar, apelidos, nome e número de DNI, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Así mesmo, na Resolución da Alcaldía designarase o tribunal cualificador, a data da súa constitución e a data en que se valorarán os méritos alegados polos candidatos e se realizará a entrevista.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial, para subsanar os defectos a que alude o artigo 71 da Lei 30/90, RJ-PAC, que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva, os/as aspirantes interesados/as poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir da publicación, no Taboleiro de Anuncios, da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses dende a citada data.

#### **OITAVO.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal cualificador do proceso selectivo deberá estar formado por 5 membros titulares, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e 3 vogais, todos eles con voz e voto.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e todos eles deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior ao esixido para o posto ao que se opta.

## **NOVENO.- SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección, será o concurso

Fase de Concurso: Baremo de méritos e entrevista

### **Baremo de méritos**

Polo tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo.

- Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo tribunal cualificador, computándose ata a dita data.
- Acreditaranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos.
- A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de **12 puntos**.

**A valoración de méritos farase do seguinte xeito:**

#### **1.- Experiencia Profesional:**

Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**, consonte á seguinte escala:

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,15 puntos/mes de servicio, ata un máximo de 4 puntos), non se computarán servicios inferiores a un mes.
- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo (0,05 puntos/mes de servicio, ata un máximo de 2 puntos), non se computarán servicios inferiores a un mes.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contratos de traballo ou certificacións oficiais nos que quede acreditada a súa duración, así como a categoría laboral na que foi contratado/a.

En todo caso será necesario a presentación do certificado de “Vida Laboral” expedido pola Seguridade Social.

## **2.- Formación Profesional:**

Estar en posesión de cursos formativos homologados de auxiliar de axuda a domicilio ou asistencia sociosanitaria a persoas no domicilio, auxiliar de enfermería en xeriatria, cuidador de discapacitados físicos e psíquicos, cursos de xerontoloxía, de atención a persoas dependentes, ou outros equivalentes impartidos polos organismos oficiais competentes. Ata un máximo de **5 puntos** segundo o baremo seguinte:

- Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas.....0,10 pto/corso
- Por cada curso de duración de 11 a 50 horas lectivas.....0,50 pto/corso
- Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas.....1,00 pto/corso
- Por cada curso de duración de 101 a 455 horas lectivas.....2,00 pto/corso
- Por cada curso de duración de 456 a 750 horas lectivas.....3,00 pto/corso
- Por cada curso de duración de máis de 750 horas lectivas.....4,00 pto/corso

Incluíranse no apartado de cursos de duración inferior a 10 horas lectivas a razón de 0,10 puntos, aqueles que non especifiquen o número de horas non correspondentes certificados.

**3.-** Por estar en posesión do **certificado de formación en hixiene e manipulación** de alimentos ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos, vixente (**1 punto**).

### **Entrevista**

O tribunal realizará a cada candidato/a unha entrevista, para determinar a maior adecuación ao posto de traballo que se oferta así como analizar as condicións persoais de cada un deles/as e irá dirixida a demostrar a posesión dos coñecementos e habilidades precisas para o desempeño do posto de traballo así como o coñecemento da organización territorial e institucional do Concello de Baralla.

A puntuación máxima que se pode acadar pola entrevista de traballo será de **4 puntos**.

### **DÉCIMO.- RESOLUCIÓN**

O tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso, en caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na fase de baremos de méritos. No caso de persistir o empate primará o que obteña maior puntuación no punto 1 do baremo e así sucesivamente ata que se desempate.

De persistir o empate, resolverase por sorteo público.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Baralla ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de dous días (2) hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

Coa lista definitiva, o tribunal fará pública a relación de aspirantes que constituirá a Bolsa de Emprego de Auxiliares de Axuda no Fogar do Concello de Baralla, pola orde de puntuacións obtidas e elevará a proposta ao Alcalde do Concello de Baralla para que resolva sobre a aprobación da Bolsa de Emprego creada.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REGLAS DE FUNCIONAMENTO DE BOLSA DE TRABALLO**

1º.- O chamamento dos candidatos realizarase mediante correo certificado con acuse de recibo, por unha soa vez. O candidato deberá comunicar por escrito a aceptación ou o rexeitamento do posto seleccionado para a contratación, no prazo máximo de 3 días hábiles dende a recepción da presente carta.

Se o candidato rexeita a contratación ou non se comunica a debida resposta, a traballadora social do Concello de Baralla (encargada da xestión da bolsa) realizará unha dilixencia en tal sentido de renuncia ou non comunicación de resposta do candidato.

Nos supostos nos que a necesidade da cobertura dun posto non fose tan previsible con antelación suficiente ou fose necesaria a súa cobertura de xeito urxente, para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a Traballadora Social que realice as chamadas fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así como o sentido desta.

2º.- No caso de que, chamado un integrante da bolsa para unha contratación, renuncia á mesma, non perderá por iso o seu dereito á pertenza de bolsa, pero pasará a ocupar o último lugar dentro dela, salvo que a renuncia estea suficientemente xustificada.

No suposto de que un/unha mesmo/a aspirante fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia delo por escrito.

3º.- A Bolsa de Emprego permanecerá vixente en tanto non se aprobe unha nova.

Non obstante, no momento no que o servizo municipal correspondente o considere oportuno, a Bolsa abrirase por un prazo de 8 días hábiles, admitíndose novas solicitudes que serán valoradas polo tribunal que sexa designado por Decreto da Alcaldía.

Os méritos que serán obxecto de valoración serán os mesmos que os que figuran nas presentes bases e coa mesma puntuación.

4º.- A final de cada ano abrirase un prazo para que os aspirantes que xa figuran incluídos na Bolsa de Emprego poidan achegar novos méritos que serán valorados pola Traballadora Social.

5º.- Unha vez finalizado o correspondente contrato laboral formalizado cun traballador integrante da Bolsa, e sempre que o período de contratación (cun ou varios contratos) sexa superior a 4 meses, este incorporárase á mesma pasando a ocupar o último posto. Se o tempo do contrato/os é inferior aos 4 meses, ocupará o mesmo lugar que ocupaba ata o momento da contratación

6º.- A inclusión na Bolsa de Tráballo non creará ningún dereito aos seus integrantes, salvo o de posibles contratacións no ano en función das necesidades do servizo e por rigoroso orde de puntuación.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- IMPUGNACIÓN**

A presente convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e formas previstas na Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Baralla, 6 de abril de 2015

O ALCALDE

Asdo. Manuel Jesús González Capón

## ANEXO I

### **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA BOLSA DE EMPREGO (NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL)**

D. / D<sup>a</sup>. .....,  
natural de ....., provisto de DNI número .....,  
e domicilio a efectos de notificacións en .....  
Teléfono .....

### **EXPÓN**

Que habendo sido convocadas as probas selectivas para a constitución dunha Bolsa de Emprego na Categoría de Auxiliar de axuda no fogar

### **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño de tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a vixente lexislación.
- 5.- Que dispón de coche para os desprazamentos.

**SOLICITA:**

Que se teña por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para o acceso á Bolsa de Emprego na categoría de Auxiliar de axuda no fogar.

**Documentación que se adxunta**

	Fotocopia do DNI
	Copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acrediten os cursos realizados polos aspirantes
	Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron
	Copia cotexada do permiso de condución
	Copias cotexadas de documentos acreditativos de calquera outro requisito

Baralla, ..... de ..... de 20.....

Asdo. ....

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO)